



O colexio La Salle participa por sexto ano consecutivo no proxecto "Pasaporte Solidario"

REDACCIÓN FERROL

Este curso, e por sexto ano consecutivo, o colexio La Salle participa nunha serie de actividades de voluntariado englobadas dentro dun programa denominado "Pasaporte Solidario".

Trátase de actividades desenvolvidas fóra do horario escolar en distintas organizacións da comarca de Ferrol como son

Cáritas, Asociación O Mencer das Oblatas, Protectora de Animales Cometa, Residencia da Terceira Idade, ASCM, el CAMF, Centro da Promoción da muller en Caranza e Afaes, entre outras.

Este curso son 21 alumnos de 3º e 4º de ESO os que están implicados na iniciativa. O centro escolar organiza, xestiona e supervisa as actividades de concienciación e axuda altruista.

"Es una oportunidad para rea-

lizar distintas acciones de voluntariado que buscan sensibilizar y crear experiencias significativas en nuestro alumnado así como marcar una diferencia en las entidades con las que participamos", destacan desde o centro.

Mañá luns, o salón de actos do colexio ferrolán acollerá o acto de presentación do "Pasaporte Solidario" nunha sesión que contará coa presenza do conselleiro de Política Social, José Manuel Rey

O centro acolle mañá a presentación da iniciativa á que asistirá José Manuel Rey Varela

Varela, e do impulsor da iniciativa, o xornalista Cristóbal Ramírez.

Tamén acudirá a directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, Cecilia Vázquez.